



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 25/04/2011.**

Alcalde Presidente:

D. Secundino García Casal.

Concelleiros presentes:

D. Manuel Varela Mecías.

D. Xosé López Gudín.

D^a María del Carmen Muiño Filgueira

D. Jesús Manuel Soto Vivero.

D. Constantino Bedoya Vázquez.

D. Hipólito Díaz Silva.

D. Juan Antonio Hermida Tembrás.

D. José Romero Ledo.

D. José Serafín Gudín Sabín.

D. Fernando Márquez Hermida.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as trece horas e cinco minutos do luns día vinte e cinco de abril de dous mil once, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión extraordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día cinco de marzo do presente ano dous mil once. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Toma a palabra o Sr. Bedoya, paa solicitar se inclúa nesa acta, no punto terceiro dos incluídos como urxentes, relativo á moción presentada polo grupo do PP sobre o 8 de marzo, día internacional das mulleres, unha referencia á solicitude que el mesmo formulou, de informe sobre o traballo realizado polo departamento de servizos sociais durante a presente lexislatura, así como a resposta dada pola concelleira responsable dese departamento, no sentido de que ese informe se realizaría e se entregaría unha copia ó solicitante. Realizada esta modificación na acta de que se trata, a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

SEGUNDO. SORTEO PARA DETERMINAR A COMPOSICIÓN DAS MESAS ELECTORAIS.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

Visto o contido do artigo 26 da Ley Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, o Pleno da Corporación da inicio o sorteo público para a designación dos membros, tanto titulares como suplentes, de cada unha das sete Mesas Electorais que deberán constituirse para a celebración das eleccións locais convocadas para o próximo día vintedous de maio, que se realiza por medios informáticos.

Cada unha das Mesas Electorais queda integrada polas persoas que se relacionan no expediente tramitado a tal finalidade, do que se informará coa brevidade posible á Xunta Electoral de Zona de Ferrol, ós efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as trece horas e vintedous minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,